

Praza número: 25/003 **Número de prazas:** 1

Categoría: Profesor/a Titular de Universidade

Área de coñecemento: Socioloxía

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Data da convocatoria: 26/02/2025

Data de publicación no BOE: 10/03/2025

Centro: Facultade de Socioloxía

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Sendo as 9:30 horas do día 19 de Maio de 2025, e cumpríndose os requisitos que establece o art. 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o establecido na Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2003:

Presidente/a: Álvarez Sousa, Antonio, catedrático de universidade, Universidade de A Coruña.

Secretario/a: Massó Lago, Matilde, profesora titular de universidade, Universidade de A Coruña

Vogal 1º Mantecón Terán, Alejandro, profesor titular de universidade, Universidade de Alicante.

Vogal 2º Sanagustín Fons, María Victoria, profesora titular de universidade, Universidade de Zaragoza.

Vogal 3º Paniza Prados, José Luis, profesor titular de universidade, Universidade de Granada.

A continuación, a comisión, de acordo apartado 7.8. e o anexo IV da Normativa indicada, establece os criterios para a valoración das probas, que se achegan como Acta de criterios de valoración e que se publicarán no TEO con anterioridade á convocatoria para o acto de presentación.

INCIDENCIAS Á ACTA DE CONSTITUCIÓN

Rematado o acto, o/a presidente/a levanta a sesión. De todo o que, como secretario/a, dou fe co visto e pracedo/a presidente/a.

Vº. e Pr.

O/a presidente/a,

O/a secretario/a,

Praza número: 25/003 **Número de prazas:** 1

Categoría: Profesor/a Titular de Universidade

Área de coñecemento: Socioloxía

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Data da convocatoria: 26/02/2025

Data de publicación no BOE: 10/03/2025

Centro: Facultade de Socioloxía

ACTA DE CRITERIOS DE VALORACIÓN

Constituída a comisión xulgadora do concurso de méritos para a provisión da praza enriba indicada, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente/a:	Álvarez Sousa, Antonio, catedrático de universidade, Universidade de A Coruña.
Secretario/a:	Massó Lago, Matilde, profesora titular de universidade, Universidade de A Coruña
Vogal 1º	Mantecón Terán, Alejandro, profesor titular de universidade, Universidade de Alicante.
Vogal 2º:	Sanagustín Fons, María Victoria, profesora titular de universidade, Universidade de Zaragoza.
Vogal 3º	Paniza Prados, José Luis, profesor titular de universidade, Universidade de Granada.

Procédese, de acordo co disposto no apartado 7.8 e seguindo as directrices establecidas no anexo IV da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, a establecer e publicar no TEO da UDC os criterios de valoración nos que se fundamentará o xuízo sobre os méritos de cada un dos concursantes, que serán os que a continuación se indican:

Criterio de aplicación xeral

- Os méritos na especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso (Socioloxía) multiplícanse por 1.
- Os méritos nas especialidades de coñecemento afíns («Ciencias Sociais», de conformidade co Anexo V, apartado 14, da citada Normativa) multiplícanse por 0,5.
- Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplícanse por 0,1.

Criterios específicos

Os criterios de valoración establecidos pola comisión de selección para elaborar os informes individuais preceptivos por parte dos seus membros deberán recoller, cando menos, as seguintes seccións:

- 1. Experiencia docente:** docencia universitaria en titulacións oficiais e a calidade docente que incluírá, entre outros aspectos, a avaliación no programa Docencia, a elaboración de manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria, a participación en proxectos e grupos de innovación, a realización de estadías docentes, a mobilidade docente, os premios e os recoñecementos docentes e a formación docente impartida e recibida.
- 2. Experiencia investigadora e de transferencia:** as publicacións científicas, as comunicacións en reunións científicas, as bolsas e os contratos pre e posdoutorais, a realización de estadías pre e posdoutorais, a dirección de teses de doutoramento, a participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación, e a realización de accións de transferencia e divulgación.

Praza número: 25/003 **Número de prazas:** 1

Categoría: Profesor/a Titular de Universidade

Área de coñecemento: Socioloxía

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Data da convocatoria: 26/02/2025

Data de publicación no BOE: 10/03/2025

Centro: Facultade de Socioloxía

- 3. Experiencia profesional e de xestión:** valórase a experiencia profesional na especialidade de coñecemento da convocatoria e na experiencia de xestión, cando menos, o traballo desempeñado na dirección e xestión universitaria ou científica a través de cargos académicos, a coordinación de titulacións, a dirección de revistas ou editoriais científicas e a participación en axencias de avaliación.

Na **valoración do proxecto docente** terase en conta a adecuación do proxecto á descrición da materia na memoria do título, a calidade e a coherencia dos seus contidos, a súa calidade formal, ben como a claridade na súa exposición oral e a capacidade de resposta ás cuestións que formule a comisión de selección.

Na **valoración do proxecto investigador** terase en conta, cando menos, a súa adecuación á especialidade de coñecemento, a calidade e a viabilidade da proposta e o impacto científico-técnico esperado.

Rematado o acto, o/a presidente/a levanta a sesión. De todo o que, como secretario/a, dou fe co visto e praxe do/a presidente/a.

Vº. e Pr.

O/a presidente/a,

O/a secretario/a,